



## CEIP NOSA SEÑORA DE XUVENCOS

Un ano máis imos celebrar o **entroido** no cole de Boborás.

Coma o ano pasado, este ano tamén **cumpriremos as mandas** que o meco nos vai marcando para cada día da semana. Estas son acumulativas, de tal xeito que iremos engadindo á manda do día anterior a que corresponde para ese día.

O xoves de comadres día 28 de febreiro, realizaremos o **desfile de entroido**, se o tempo o permite, ata o centro do pobo de Boborás. Este será a partir das 13:45 horas. Invitamos a toda a comunidade educativa a acompañarnos no seu percorrido e á tradicional **chocolatada** que ao finalizar, agardaranos no recinto escolar.

O **concurso de disfraces** terá lugar o venres día 1 de marzo, onde cada neno/a virá disfrazado como queira para dar a despedida ao entroido 2019.

Os días 4, 5 e 6 de marzo serán non lectivos reanudándose as clases o xoves día 7 de marzo.

**Feliz entroido!!**



